

**Dirección Xeral de Formación Profesional**  
**Rede de Conservatorios Profesionais de Música e Danza de Galicia**

**MD85PRO01**

# **ANEXOS Premios Fin de Grao**

**Centro: Conservatorio Profesional de Danza de Lugo**

**Curso: 2023 - 2024**

## Criterios para a obtención dos premios fin de grao

### Normativa

---

*ORDE do 10 de marzo de 2009 pola que se regula o procedemento para a obtención de matrícula de honra e premio de fin de grao nas ensinanzas profesionais de música e danza*

[http://www.xunta.gal/dog/Publicados/2009/20090318/AnuncioECFE\\_gl.html](http://www.xunta.gal/dog/Publicados/2009/20090318/AnuncioECFE_gl.html)

### Especialidade Danza Clásica

#### CONTIDOS DA PROBA

1. Interpretación de **duas variacións de repertorio clásico** a elexir entre tres propostas polo alumno/a, unha por elección do tribunal e outra elexida libremente polo alumno/a. As variacións propostas deberán ser de dificultade de nivel de sexto curso e alomenos de dous estilos diferentes. Todas elas realizadas en puntas para as chicas. A música a traerá o aspirante.

##### Criterios de valoración:

- Calidade técnica e correcta execución.
- Coordinación e correcto uso do espazo.
- Musicalidade.
- Capacidade de interpretación e asimilación do estilo.

*\*Todos os criterios terán o mesmo valor.*

2. Realizar **unha improvisación ou exercicio de composición coreográfica** con unha música elexida polo tribunal de duración non superior a tres minutos. O Alumno/a disporá de 15 minutos tras escoitar a música para preparar esta proba.

##### Criterios de valoración:

- Aproveitamento do espazo.
- Adecuación da composición coreográfica ao estilo musical.
- Creatividade, orixinalidade e calidade interpretativa.

*\*Todos os criterios terán o mesmo valor*

## Especialidade Danza Contemporánea

### CONTIDOS DA PROBA

1.- O/A alumno/a interpretará **un extracto dunha coreografía** característica do repertorio contemporáneo (Graham, Cunningham, Kylian, Ek, Duato, Bausch, Keersmaeker, etc)

2.- O/A alumno/a interpretará **unha variación** de estilo libre (podendo ser de creación propia)

Criterios de valoración das coreografías presentadas:

- Calidade técnica e correcta execución.
- Coordinación e correcto uso do espazo.- Musicalidade.
- Capacidade de interpretación e asimilación do estilo.

3.- O alumno desenvolverá **unha improvisación** de carácter libre, a elixir entre tres pezas musicais presentadas polo tribunal.

Criterios de valoración da improvisación:

- Dominio do espazo, os ritmos e as dinámicas.
- Dominio do manexo enerxético nos movementos.
- Dominio das calidades de movemento.
- Coñecemento e recursos nos diferentes planos espaciais
- Sensibilidade artística e musicalidade.
- DURACIÓN DAS PEZAS COREOGRÁFICAS: Entre tres e cinco minutos.
- DURACIÓN DA IMPROVISACIÓN: Entre tres e cinco minutos.